Os parámetros da subvención determinaranse no convenio da subvención.

DESENVOLVEMENTO DAS CAPACIDADES NO DEPORTE

Estatísticas UE ano 2021

Nº de propostas presentadas: 75

Nº de propostas non elixibles: 35

Nº de propostas por enriba do limiar: 32 (42,66% de éxito)

Orzamento total dispoñible: 755 019€

DESENVOLVEMENTO DAS CAPACIDADES NO DEPORTE

Desenvolvemento das capacidades no deporte na UVigo: 2 proxectos



1. INSPORT: IN COMMON SPORT+: Fit, Food and Fun for Elderly! - ERASMUS+ Sports Collaborative Partnerships - Cámara Municipal de Vila Nova de Cerveira (PT) - 560956-EPP-1-2015-1-EN-SPO-SNCESE

Un dos obxectivos deste proxecto é deseñar e levar a cabo torneos deportivos ideados para persoas maiores de 65 anos, co propósito de coñecer a influencia que ten a competición como factor de motivación cara a práctica de actividade física

2. IN COMMON SPORTS: Intergenerational Competition as Motivation for Sport and Healthy Lifestyle of Senior Citizens - Cámara Municipal de Vila Nova de Cerveira (PT) - 590543-EPP-1-2017-1-PT-SPO-SCP

Un dos obxectivos do proxecto foi ampliar o coñecemento dos factores de motivación para a práctica continuada de exercicio físico na poboación maior e o impacto das "Olimpiadas Interxeracionais" na forma física e mental das persoas maiores.

ERASMUS+ SPORTS COLLABORATIVE
PARTNERSHIPS

INSPORT

IN COMMON SPORT+: Fit, Food and Fun for
Elderly!



Project Website
DUVI Press Notice

SPORTS

IN COMMON SPORTS

Intergenerational Competition as Motivation for
Sport and Healthy Lifestyle of Senior Citizens



Project Website

*PROXECTOS
CON VISIÓN DE FUTURO*



FORWARD-LOOKING PROJECTS

Proxectos a gran escala que aspiran a determinar, desenvolver, por a proba e avaliar enfoques (políticos) innovadores con potencial para xeneralizarse, mellorando así os sistemas educativos e de formación.

Apoiarán ideas prospectivas que respondan a prioridades europeas clave e que teñan potencial de xeneralizarse e contribuír á mellora dos sistemas de educación, formación e xuventude, así como de producir un efecto innovador significativo en termos de métodos e prácticas para tódolos tipos de aprendizaxe e contextos de participación activa en favor da cohesión social de Europa.

Está formado por 3 lotes:

- Lote 1: Prioridades intersectoriais, educación dixital.
- Lote 2: Educación e formación profesionais (EFP)
- Lote 3: Educación de persoas adultas



FORWARD-LOOKING PROJECTS

Obxectivos xerais da acción

O obxectivo é apoiar proxectos de cooperación transnacional implementando un conxunto coherente e completo de actividades intersectoriais que:

- a) fomenten a innovación en termos de alcance, métodos e prácticas innovadoras e/ou
- b) garantan unha transferencia de innovación (entre países, sectores políticos ou grupos destinatarios), garantindo así a nivel europeo unha explotación sostible dos resultados de proxectos innovadores e/ou a súa transferibilidade a diferentes contextos e audiencias.

Se fomentará a innovación, a creatividade e a participación, así como o emprendemento social en diferentes campos da educación e a formación, dentro dos sectores ou entre sectores e disciplinas.

FORWARD-LOOKING PROJECTS

A que ACTIVIDADES debe contribuír o proxecto?

- Mellorar a calidade, eficiencia e a equidade dos sistemas de educación e formación.
- Mellorar a eficiencia das políticas no ámbito da educación e da formación.
- Apoiar a aplicación das iniciativas legais e dos marcos da UE, así como as recomendacións específicas por país do Semestre Europeo.
- Mellorar os datos e o entendemento respecto a grupos destinatarios, situacións de aprendizaxe e ensinanza, e metodoloxías e ferramentas eficaces que poidan servir de inspiración e estimulen a innovación a nivel de sistema.
- Desenvolver coñecementos para promover unha política baseada en datos.
- Motivar cambios de comportamento a escala da UE.

FORWARD-LOOKING PROJECTS

Exemplos de actividades (lista non exhaustiva)

- Investigación-acción, análises e produción de resultados sectoriais ou intersectoriais a gran escala.
- Actividades transnacionais de desenvolvemento de capacidades.
- Actividades piloto para probar solucións innovadoras.
- Actividades para crear redes transnacionais a gran escala, xa sexan sectoriais ou intersectoriais.
- Actividades de aproveitamento para difundir os resultados entre a comunidade educativa ou o sector.
- Actividades relacionadas con laboratorios de ideas, investigación e experimentación con ideas innovadoras.

FORWARD-LOOKING PROJECTS

Outros requisitos dos proxectos

- Sempre que sexa pertinente, os proxectos con visión de futuro deben aplicar instrumentos e ferramentas do ámbito europeo.
- Deben incluír o deseño dun plan de acción a longo prazo (que supere a duración do proxecto financiado por Erasmus+) para a adopción e xeneralización progresiva das innovacións desenvoltas a fin de que poidan repercutir nos sistemas de educación e formación, en colaboración coas autoridades e institucións pertinentes.
- Deben garantir unha visibilidade adecuada e unha ampla difusión do traballo, tamén a nivel político nacional e da Unión Europea.
- Deben explicar como poden utilizarse outras oportunidades de financiamento da UE e do financiamento nacional e rexional para apoiar a execución do proxecto.

FORWARD-LOOKING PROJECTS

Criterios de admisibilidade

1. Quen pode presentar a solicitude?

- Organizacións/entidades públicas ou privadas que actúen no ámbito da educación e formación ou no mundo laboral;
- legalmente establecidas nun Estado membro da UE ou nun terceiro país asociado ao Programa. *ver excepción para o lote 3.
- Unha organización deberá presentar a solicitude en nome de tódalas organizacións participantes no proxecto.

FORWARD-LOOKING PROJECTS

Criterios de admisibilidade

2. Que tipos de organizacións poden participar no proxecto?

Poderán participar como socios de pleno dereito, entidades afiliadas ou membros asociados:

- Calquera organización pública ou privada activa nos ámbitos da educación e da formación;
- que sexa un motor clave da innovación;
- e encóntrese establecida nun Estado membro da UE ou terceiro país asociado ó Programa.

*As institucións de educación superior establecidas nun Estado membro da UE ou nun terceiro país asociado ó Programa deben ser titulares dunha Carta Erasmus de Educación Superior (ECHE) válida.

FORWARD-LOOKING PROJECTS

Criterios de admisibilidade

3. Número e perfil das organizacións participantes no lote 1

A asociación deberá incluír no lote 1 polo menos 3 socios de pleno dereito dun mínimo de 3 Estados membros da UE ou de terceiros países asociados ao Programa.

Tamén incluírá polo menos unha autoridade pública a nivel nacional ou rexional.

Baixo a Prioridade 1 (EdTech), o consorcio debe incluír polo menos unha empresa EdTech dun Estado membro da UE ou dun terceiro país asociado ao Programa.

FORWARD-LOOKING PROJECTS

Criterios de admisibilidade

4. Lugar onde se pode desenvolver a actividade

- As actividades deben levarse a cabo nos Estados membros da UE ou en terceiros países asociados ao Programa.

5. Duración do proxecto

- Lote 1. Prioridades intersectoriais: de 24 a 48 meses.
- Lote 2: 36 meses e lote 3: 24 meses.

A duración deberá elixirse na fase de solicitude, en función do obxectivo do proxecto, o tipo de actividades previstas, o orzamento e as ambicións establecidas para o proxecto.

FORWARD-LOOKING PROJECTS

Criterios de admisibilidade

6. Datas de inicio do proxecto

Os proxectos comezarán o 1 de novembro de 2022, o 1 de decembro de 2022 ou o 1 de xaneiro de 2023 (referencia da anterior convocatoria).

7. Cando se debe de presentar a solicitude? *

ata o 15 de marzo 2023 ás 17h de Bruxelas

Referencia: Lot 1: ERASMUS-EDU-2023-PI-FORWARD-LOT1
Lot 2: ERASMUS-EDU-2023-PI-FORWARD-LOT2
Lot 3: ERASMUS-EDU-2023-PI-FORWARD-LOT3

**A modo de referencia*

FORWARD-LOOKING PROJECTS

Posta en marcha dun proxecto

Os *Forward-Looking Projects* sempre deben ter en conta, entre outros, os seguintes contextos políticos transversais:

- Plan de Acción do Pilar Europeo de Dereitos Sociais.
- O Pacto Verde da Comisión Europea, os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible das Nacións Unidas e o Acordo de París sobre o Cambio Climático.
- A Axenda de Capacidades Europea.
- A transformación dixital dos nosos sistemas educativos e formación, (Plan de Acción de Educación Dixital 2021-2027 da Comisión Europea).



FORWARD-LOOKING PROJECTS

Posta en marcha dun proxecto

Lote 1. Prioridades Intersectoriais, Educación Dixital

Os proxectos deste lote poden dirixirse a diferentes sectores educativos ou unilos entre si e apoiar unha educación dixital inclusiva e de calidade.

As propostas presentadas no marco do lote 1 deberán abordar unha das tres prioridades seguintes:

- 1: tecnoloxía educativa (edTech): ampliación de solucións baseadas na UE mediante a cooperación e a calidade
- 2: Enfoques pedagóxicos eficaces sobre informática para os niveis de educación primaria e secundaria;
- 3: Formación do profesorado e desenvolvemento curricular na loita contra a desinformación e na promoción do dixital

FORWARD-LOOKING PROJECTS

LOTE 1. Prioridades Intersectoriais

Prioridade 1: tecnoloxía educativa (edTech): ampliación de solucións baseadas na UE mediante a cooperación e a calidade

Os proxectos desta prioridade deben abordar:

- o desenvolvemento dun marco de garantía de calidade baseado na evidencia para a tecnoloxía educativa, en cooperación cos Ministerios de Educación, en referencia aos resultados de aprendizaxe acadados mediante a integración de solucións tecnolóxicas educativas no ensino, aprendizaxe e avaliación; e
- promover a cooperación intersectorial entre provedores de tecnoloxía educativa, educación e formación, institucións e autoridades públicas para abordar o acceso eficiente e equitativo a contidos educativos dixitais de alta calidade



FORWARD-LOOKING PROJECTS

LOTE 1. Prioridades Intersectoriais

Prioridade 2: Enfoques pedagóxicos eficaces sobre informática para os niveis de educación primaria e secundaria;

Apoiar o desenvolvemento de enfoques pedagóxicos eficaces sobre a informática e a avaliación relacionada pode axudar a preparar mellor os profesores para construír e compartir coñecementos sobre como integrar mellor a materia nos diferentes niveis da educación escolar, promovendo un uso activo e seguro da tecnoloxía dixital. Os proxectos:

- desenvolverán e probarán enfoques pedagóxicos eficaces e innovadores que sexan adecuados e cunha clara progresión entre os distintos niveis educativos, con especial atención ao nivel primario e secundario.
- iniciativas de formación do profesorado dirixidas a aumentar a dispoñibilidade de profesorado (xeralista e especializado) cunha preparación e cualificación adecuadas para impartir a disciplina.

FORWARD-LOOKING PROJECTS

LOTE 1. Prioridades Intersectoriais

Prioridade 3: Formación do profesorado e desenvolvemento curricular na loita contra a desinformación e na promoción do dixital

As propostas que se deseñen contribuirán a apoiar os sistemas de educación e formación e aos estudantes, profesores e educadores para abordar retos novos e emerxentes na aula vinculados á un entorno en liña dinámico de forma eficaz e estruturada.

Os proxectos desta prioridade abordarán:

- a formación inicial do profesorado e o seu desenvolvemento profesional continuo, na alfabetización dixital e na loita contra a desinformación tanto en contidos como metodoloxía, pero tamén en termos de absorción sistémica;
- a investigación e intercambio de enfoques eficaces e escalables no desenvolvemento curricular no ámbito da alfabetización dixital e loita contra a desinformación

FORWARD-LOOKING PROJECTS

Normas de financiamento

- Modelo de financiamento: importe a tanto alzado.
- A cantidade determinarase para cada subvención de acordo co orzamento estimado da acción presentada polo solicitante.
- A autoridade outorgante fixará o importe a tanto alzado de cada subvención baseándose na proposta, o resultado da avaliación, os porcentaxes de financiamento e o importe máximo da subvención indicado na convocatoria.

FORWARD-LOOKING PROJECTS

Normas de financiamento

- A subvención máxima da UE por proxecto é a seguinte:

Lote 1. Prioridades intersectoriais, educación dixital: 1.500.000€

Lote 2. Educación e formación profesionais: 900.000€

Lote 3. Educación de persoas adultas: 1.000.000€

- O número máximo de proxectos a financiar:

- Non hai un número máximo previsto excepto as restricións orzamentarias.
- No lote 1, estímase 3 proxectos por prioridade

FORWARD-LOOKING PROJECTS

Estatísticas UE 2022 de resultados

- N° total de solicitudes enviadas: 91
- N° propostas non admitidas: 1
- N° propostas non elixibles: 3
- N° propostas seleccionadas: 39 (42,85% de éxito)
- Orzamento total da convocatoria: **46.000.000€**



FORWARD-LOOKING PROJECTS

Estatísticas UE desglosadas ano 2022

-Lote 1


- Nº de solicitudes enviadas: 61
- Nº de solicitudes aceptadas: 24 (39,34% de éxito)
- Orzamento total: 18.702.277 euros

-Lote 2

- Nº de solicitudes enviadas: 18
- Nº de solicitudes aceptadas: 10
- Orzamento total: 6.744.907 euros

-Lote 3

- Nº de solicitudes enviadas: 12
- Nº de solicitudes aceptadas: 5
- Orzamento total: 4.141.402 euros



FORWARD-LOOKING PROJECTS

Ligazóns de interese

- [Forward - looking projects \(páxina EACEA\)](#)
- [Preguntas frecuentes](#)
- Información sobre convocatorias pasadas no Funding and Tenders Portal:
 - [Lote 1. Prioridades intersectoriais](#)
 - [Lote 2. Educación e formación profesionais \(EFP\)](#)
 - [Lote 3. Educación de persoas adultas](#)



*ALIANZAS
PARA A INNOVACIÓN*

ALIANZAS PARA A INNOVACIÓN

Perseguen reforzar a capacidade de innovación de Europa impulsando a innovación a través da cooperación e o fluxo de coñecementos entre a educación superior, a educación e a formación profesionais (tanto iniciais coma continuas) e a contorna socioeconómica mais xeral, incluída a investigación.

Buscan reforzar o ensino de novas capacidades e abordar os desaxustes de capacidades deseñando e creando novos plans de estudo para a educación superior e a educación e a formación profesionais (EFP), apoiando o desenvolvemento do sentido da iniciativa e mentalidades emprendedoras na Unión Europea.

ALIANZAS PARA A INNOVACIÓN

Obxectivos xerais

Estas asociacións deben levar a cabo unha serie coherente e integral de actividades sectoriais ou intersectoriais que deberán poder adaptarse aos futuros avances dos coñecementos en toda a Unión Europea.

Prestan especial atención ás capacidades dixitais, posto que cada vez son mais importantes para tódolos perfís profesionais do mercado de traballo.

Apoian a transición cara unha economía circular e mais ecolóxica a través de cambios nas cualificacións e nos programas educativos e formativos nacionais, co fin de responder ás novas necesidades profesionais de capacidades ecolóxicas e de desenvolvemento sostible.

ALIANZAS PARA A INNOVACIÓN

Obxectivos xerais

Os obxectivos das alianzas para a innovación poden acadarse presentando unha solicitude para un dos seguintes lotes ou ambos:

- Lote 1. Alianzas para a educación e as empresas
 - Lote 2. Alianzas para a Cooperación Sectorial sobre Capacidades (posta en práctica do Plan xeral) *
- *Axenda de Capacidades Europea para a competitividade sostible, a equidade social e a resiliencia:

<https://ec.europa.eu/social/main.jsp?catId=1223&langId=es>



ALIANZAS PARA A INNOVACIÓN

Lote 1. Alianzas para a educación e as empresas

Son proxectos transnacionais, estruturados e orientados aos resultados nos que os socios comparten metas comúns e traballan xuntos para impulsar a innovación, novas capacidades, o sentido da iniciativa e mentalidades emprendedoras.

Aspiran a promover a innovación na educación superior, a educación e a formación profesional, as empresas e a contorna socioeconómica facendo fronte aos retos sociais e económicos (cambio climático, dixitalización,...) a través da innovación social e a resiliencia comunitaria, así como a innovación no mercado laboral.

ALIANZAS PARA A INNOVACIÓN

Lote 1. Alianzas para a educación e as empresas

As Alianzas para a Educación e as Empresas reúnen a empresas e provedores de educación superior e formación profesional para que traballen xuntos nunha asociación. Operando dentro dun sector económico ou de varios sectores económicos distintos, crean relacións fiábeis e sostibles e mostran o seu carácter innovador e transnacional en tódolos aspectos.

Aínda que cada asociación debe incluír polo menos unha organización de EFP e unha organización de educación superior, poden abordar un ou os dous ámbitos educativos.

ALIANZAS PARA A INNOVACIÓN

Lote 1. Alianzas para a educación e as empresas

Obxectivos

Este tipo de Alianzas procura acadar algún dos seguintes obxectivos:

- Impulsar enfoques novos, innovadores e multidisciplinares do ensino e a aprendizaxe (ex. métodos de ensino, técnicas de avaliación, etc.)
- Fomentar a responsabilidade social das empresas (ex. a equidade, inclusión, protección do medio ambiente, etc.).
- Estimular o sentido da iniciativa e actitudes, mentalidades e capacidades de emprendemento nos que o cursan, o persoal educativo e outros traballadores, en consonancia co Marco Europeo de Competencias de Emprendemento.

ALIANZAS PARA A INNOVACIÓN

Lote 1. Alianzas para a educación e as empresas

Obxectivos

- Mellorar a calidade e a pertinencia das capacidades desenvoltas e certificadas a través dos sistemas educativos e de formación.
- Facilitar o fluxo e a cocreación de coñecementos entre a educación superior e a educación e a formación profesional, a investigación, o sector público e o sector empresarial.
- Desenvolver e apoiar sistemas de educación e formación profesionais e de educación superior eficaces e eficientes, que se atopen conectados e sexan inclusivos, e contribúan á innovación.

ALIANZAS PARA A INNOVACIÓN

Lote 1. Alianzas para a educación e as empresas

Criterios de admisibilidade

1. Quen pode presentar unha solicitude?

Calquera socio de pleno dereito legalmente establecido nun Estado membro da Unión Europea ou nun terceiro país asociado ao Programa.

Unha organización deberá presentar a solicitude en nome de tódalas organizacións participantes socias no proxecto.



ALIANZAS PARA A INNOVACIÓN

Lote 1. Alianzas para a educación e as empresas

Criterios de admisibilidade

2. Que tipos de organizacións poden participar no proxecto?

As seguintes organizacións poden participar como socios de pleno dereito, entidades afiliadas ou membro asociados. Poden ser organizacións públicas ou privadas legalmente establecidas nun Estado membro da UE ou nun terceiro país asociado ao Programa ou en calquera terceiro país non asociado ao Programa

ALIANZAS PARA A INNOVACIÓN

Lote 1. Alianzas para a educación e as empresas

- Institucións de educación superior
- Provedores de EFP
- Redes de provedores EFP
- Institutos de investigación
- PEMES ou grandes empresas
- Organizacións non gobernamentais
- Organismos públicos locais, rexionais ou nacionais
- Cámaras de comercio, de industria, de traballo, e de oficios
- Asociacións sectoriais ou intersectoriais
- Axencias de desenvolvemento económico
- Servizos de emprego
- Institutos nacionais de estatística
- Organismos de acreditación, certificación, recoñecemento ou cualificación
- Etc.

ALIANZAS PARA A INNOVACIÓN

Lote 1. Alianzas para a educación e as empresas

As institucións de educación superior establecidas nun Estado membro da Unión Europea ou nun terceiro país asociado ao Programa deben ser titulares dunha Carta Erasmus de Educación Superior (ECHE) válida.

Excepción: as organizacións de Bielorrusia (rexión 2) e da Federación de Rusia (rexión 4) non poden participar nesta acción.

ALIANZAS PARA A INNOVACIÓN

Lote 1. Alianzas para a educación e as empresas

3. Número e perfil das organizacións participantes

As Alianzas para a Educación e as Empresas deben englobar polo menos a 4 Estados membros da UE e terceiros países asociados ao Programa e implicar un mínimo de 8 socios de pleno dereito.

A asociación debe incluír polo menos a 3 axentes do mercado de traballo (empresas ou sociedades, ou organizacións intermediarias representativas) e polo menos 3 provedores de educación e formación (EFP ou institucións de educación superior) como socios de pleno dereito.

En cada proposta debe figurar como mínimo unha institución de educación superior e un provedor de EFP como socios de pleno dereito.

ALIANZAS PARA A INNOVACIÓN

Lote 1. Alianzas para a educación e as empresas

4. Duración do proxecto: 2 ou 3 anos

A duración deberá elixirse na fase da solicitude, baseándose no obxectivo do proxecto e no tipo de actividades previstas.

5. Cando se debe presentar a solicitude? *
ata o 3 de maio 2023 ás 17h de Bruxelas.
Referencia da convocatoria para o lote 1:
ERASMUS-EDU-2023-PI-ALL-INNO-EDU-ENTERP

**A modo de referencia*

ALIANZAS PARA A INNOVACIÓN

Lote 1. Alianzas para a educación e as empresas

PROXECTOS DE ALIANZAS NA UVIGO:

CAPUS. Conservation of Art in Public Spaces- KA2 Knowledge Alliances-
Università di Torino (IT)- 575292-EPP-1-2016-1-IT-EPPKA2-KA.

Coordinadora na UVigo: prof. Teresa Rivas

<https://www.capusproject.eu/>



ALIANZAS PARA A INNOVACIÓN

Lote 2. Alianzas para a cooperación sectorial sobre capacidades

O obxectivo é crear novos enfoques e modelos de cooperación estratéxicos para desenvolver solucións concretas do desenvolvemento de capacidades en sectores económicos determinados ou en ámbitos que poñan en práctica unha das accións principais da Axenda de Capacidades Europeas en favor da competitividade sostible, a equidade social e a resiliencia, o Pacto polas Capacidades.

O obxectivo fundamental do Pacto é mobilizar e incentivar a tódalas partes interesadas pertinentes para que adopten medidas concretas a favor da mellora das capacidades e o reciclaxe profesional da poboación activa, axuntando esforzos e establecendo asociacións tamén a escala da UE, que aborden as necesidades do mercado de traballo, apoiem as transicións ecolóxica e dixital de crecemento e desenvolvemento de capacidades a escala nacional, rexional e local.

ALIANZAS PARA A INNOVACIÓN

Lote 2. Alianzas para a cooperación sectorial sobre capacidades

As Alianzas para a Cooperación Sectorial sobre Capacidades aspiran a abordar os déficits de capacidades no mercado laboral que obstaculizan o crecemento, a innovación e a competitividade en sectores ou ámbitos específicos, mediante o desenvolvemento de intervencións a curto prazo e estratexias a longo prazo.

O Pacto polas Capacidades baséase no Plan xeral de cooperación sectorial sobre capacidades e intégrao. As Alianzas incluídas no lote 2 apoiarán a execución do Pacto mediante o desenvolvemento dunha estratexia de capacidades sectoriais e deberán acadar un impacto sistémico e estrutural que permita reducir a escaseza, as carencias e o desaxuste de capacidades, así como garantir capacidades dunha calidade e dun nivel adecuado.

ALIANZAS PARA A INNOVACIÓN

Lote 2. Alianzas para a cooperación sectorial sobre capacidades

A estratexia sectorial de capacidades debe incluír un conxunto claro de actividades, fitos e obxectivos ben definidos cuxo obxectivo será adecuar a demanda e a oferta de capacidades para apoiar a estratexia xeral de crecemento do sector específico do que se trate. As Alianzas pretenden sentar as bases para o Pacto polas Capacidades e definir o camiño que deberá seguirse unha vez finalizado o proxecto.

As propostas deberán incluír o deseño de programas de formación profesional continua que dean resposta ás necesidades urxentes en materia de capacidades das persoas en idade de traballar.

ALIANZAS PARA A INNOVACIÓN

Lote 2. Alianzas para a cooperación sectorial sobre capacidades

Así mesmo, deberán incluír o desenvolvemento de perfís profesionais emerxentes e de cualificacións relacionadas con estes, que deben cubrir ata os niveis superior e post-secundario da educación e da formación profesionais (niveis 3 a 5 MEC) e o nivel terciario (niveis 6 a 8 do MEC). Ademais, as propostas deberán incluír o deseño de plans de estudos básicos conexos e de programas de educación e formación conducentes a ditas cualificacións.

Cada proxecto deberá incluír entre os seus socios tanto organizacións de educación e formación profesionais (EFP) coma organizacións de educación superior e axentes do mercado de traballo. A ser posible, incluírán tamén organismos encargados da formulación de políticas, organismos de certificación e asociacións sectoriais de Europa, así coma representantes da industria.

ALIANZAS PARA A INNOVACIÓN

Lote 2. Alianzas para a cooperación sectorial sobre capacidades

Criterios de admisibilidade

1. Quen pode presentar unha solicitude?

Calquera socio de pleno dereito legalmente establecido nun Estado membro da Unión Europea ou nun terceiro país asociado ao Programa.

Unha organización presenta a solicitude en nome de tódalas organizacións participantes socias no proxecto.

ALIANZAS PARA A INNOVACIÓN

Lote 2. Alianzas para a cooperación sectorial sobre capacidades

Criterios de admisibilidade

2. Que tipos de organizacións poden participar no proxecto?

As seguintes organizacións poden participar como socios de pleno dereito, entidades afiliadas ou membros asociados no lote 2, Alianzas para a Cooperación Sectorial sobre Capacidades (Plan xeral).

Poden ser organizacións públicas ou privadas legalmente establecidas nun Estado membro da Unión Europea ou terceiro país asociado ao Programa ou calquera terceiro país non asociado ao Programa.

ALIANZAS PARA A INNOVACIÓN

Lote 2. Alianzas para a cooperación sectorial sobre capacidades

Criterios de admisibilidade

- Institucións de educación superior
- Provedores de EFP
- Redes de provedores EFP
- PEMES ou grandes empresas
- Institutos de investigación
- Organizacións non gobernamentais
- Organismos públicos locais, rexionais ou nacionais
- Organismos de acreditación, certificación, recoñecemento ou cualificación
- Cámaras de comercio, de industria ou de traballo, e de oficios.
- Interlocutores sociais europeos ou nacionais
- Servizos de emprego
- Institutos nacionais de estatística
- Axencias de desenvolvemento económico
- Etc.

ALIANZAS PARA A INNOVACIÓN

Lote 2. Alianzas para a cooperación sectorial sobre capacidades

Criterios de admisibilidade

As institucións de educación superior establecidas nun Estado membro da Unión Europea ou nun terceiro país asociado ao Programa deben ser titulares dunha Carta Erasmus de Educación Superior (ECHE) válida.

Excepción: as organizacións de Bielorrusia (rexión 2) non poden participar nesta acción.



ALIANZAS PARA A INNOVACIÓN

Lote 2. Alianzas para a cooperación sectorial sobre capacidades

Criterios de admisibilidade

3. Número e perfil das organizacións participantes

Estas Alianzas deben englobar polo menos 8 Estados membro da UE e terceiros países asociados ao Programa e incluír como mínimo 12 socios de pleno dereito.

A asociación debe incluír polo menos a 5 axentes do mercado de traballo (empresas ou sociedades ou organizacións intermediarias representativas) e polo menos 5 provedores de educación e formación (EFP ou institucións de educación superior) como socios de pleno dereito.

En cada proposta debe figurar como mínimo unha institución de educación superior e un provedor de EFP como socios de pleno dereito.

ALIANZAS PARA A INNOVACIÓN

Lote 2. Alianzas para a cooperación sectorial sobre capacidades

Criterios de admisibilidade

4. Sectores ou ámbitos

As Alianzas deben escoller para a súa proposta un ecosistema industrial específico ao que se dirixirá o seu proxecto. So se pode seleccionar para o seu financiamento unha proposta por ecosistema industrial.

Unha proposta pode estar relacionada cun ecosistema non cuberto polo proxecto en curso executado no marco do plan xeral ou un ecosistema que xa conte cun proxecto en curso no marco do Plan xeral.

Neste último suposto, a proposta debe abordar ámbitos e áreas claramente diferentes dos abordados polo proxecto (ou proxectos) en curso no marco do Plan xeral.

ALIANZAS PARA A INNOVACIÓN

Lote 2. Alianzas para a cooperación sectorial sobre capacidades

Os 14 ecosistemas industriais identificados no novo modelo de industria para Europa son os seguintes:

- Turismo (transporte de pasaxeiros, viaxes, restaurantes, servizos de restauración...).
- Mobilidade, transporte e automoción (fabricación de vehículos de motor, buques e trens, e os seus accesorios; reparación e mantemento, transporte de mercadorías...).
- Industria aero-espacial e defensa (fabricación de aeronaves, produtos de tecnoloxía de defensa...).
- Construción (inmobles residenciais e non residenciais, carreteras e vías ferroviarias...).
- Industria agro-alimentaria (producción vexetal e animal, transformación de alimentos,...).
- Industrias de alto consumo de enerxías e baixas emisións de carbono (extracción de combustibles fósiles, refinería, fabricación de produtos con alto impacto ambiental...).

ALIANZAS PARA A INNOVACIÓN

Lote 2. Alianzas para a cooperación sectorial sobre capacidades

- Industria téxtil (producción materiais téxtiles, prendas de vestir, calzado...).
- Industrias creativas e culturais (periódicos, diarios e libros; cine, vídeo e televisión; radio, música...).
- Sector dixital (telecomunicacións, aplicacións informáticas e programación, portais web...).
- Enerxías renovables (motores eléctricos, motores e turbinas, produción de enerxía eléctrica, fabricación e distribución de gas...).
- Electrónica (fabricación de aparatos electrónicos...)
- Comercio polo miúdo (venta polo miúdo, venta por xunto en relación cos consumidores...).
- Proximidade e economía social (empresas sociais, asociacións e cooperativas que aspiran a acadar un impacto social...).
- Saúde (produtos e equipos farmacéuticos, hospitais, residencias de persoas maiores, atención residencial...).

ALIANZAS PARA A INNOVACIÓN

Lote 2. Alianzas para a cooperación sectorial sobre capacidades

Criterios de admisibilidade

5. Duración do proxecto: 4 anos

6. Cando se debe presentar a solicitude? *
ata o 3 de maio 2023 ás 17h de Bruxelas
Referencia da convocatoria para o lote 2:
ERASMUS-EDU-2023-PI-ALL-INNO-BLUEPRINT

**A modo de referencia*

ALIANZAS PARA A INNOVACIÓN

Posta en marcha dun proxecto Lote 1 e Lote 2

Cada Alianza deberá levar a cabo unha serie coherente, integral e variable de actividades interconectadas para reforzar a innovación na educación superior, a educación e a formación profesionais e as empresas (incluídas as grandes empresas, as pequenas e medianas empresas e as empresas sociais) e a contorna socioeconómica mais xeral.

Estas actividades atópanse divididas en:

- Actividades para o Lote 1
- Actividades para o Lote 2
- Actividades aplicables aos dous lotes

ALIANZAS PARA A INNOVACIÓN

Posta en marcha dun proxecto

Actividades do Lote 1

En cada Alianza para a Educación e as Empresas deberá incluírse polo menos unha das seguintes actividades (lista non exhaustiva):

- Impulsar a innovación
- Desenvolvemento do sentido da iniciativa e mentalidades, competencias e capacidades de emprendemento
- Impulso do fluxo e intercambio de coñecementos entre a educación superior, a EFP, as empresas e a investigación
- Determinación das necesidades do mercado relacionadas coa resiliencia e das profesións emerxentes

ALIANZAS PARA A INNOVACIÓN

Posta en marcha dun proxecto

Actividades do Lote 2

En cada Alianza para a Cooperación Sectorial sobre Capacidades (posta en práctica do Plan xeral) deberá incluírse polo menos unha das seguintes actividades (lista non exhaustiva):

- Desenvolvemento dun enfoque estratéxico para a cooperación sectorial sobre capacidades
- Diseñar plans de estudos e programas de formación **“básicos”** acordados a nivel sectorial en Europa
- Impartir os plans de estudos e programas de formación **“básicos”**
- Diseñar un plan de acción a longo prazo para o despregamento progresivo dos resultados do proxecto trala finalización do mesmo

ALIANZAS PARA A INNOVACIÓN

Posta en marcha dun proxecto

Actividades aplicables os dous Lotes

As Alianzas para a innovación están obrigadas a aplicar, sempre que corresponda, instrumentos e ferramentas de ámbito europeo, como por exemplo o MEC, a clasificación ESCO, Europass, o EQAVET e as Normas e Directrices Europeas en materia de Garantía de Calidade.

Co fin de probar e analizar novos plans de estudos ou novos métodos de formación e aprendizaxe, as alianzas para a innovación poden organizar actividades de mobilidade educativa de estudantes, profesores, investigadores e persoal sempre e cando apoiem ou complementen as actividades principais das asociacións e aporten valor engadido para acadar os obxectivos do proxecto.

ALIANZAS PARA A INNOVACIÓN

Normas de financiamento

- Esta acción réxese por un modelo de financiamento baseado en importes a tanto alzado.
- A contía do importe único a tanto alzado determinarase para cada subvención de acordo ao orzamento estimado da acción presentada polo solicitante.
- A autoridade outorgante fixará o importe a tanto alzado de cada subvención baseándose na proposta, o resultado da avaliación, os porcentaxes de financiamento e o importe máximo de cada subvención.
- O valor do importe a tanto alzado limitarase a un financiamento máximo da UE do 80% do orzamento estimado determinado trala avaliación.

NORMAS DE FINANCIAMENTO

Normas de financiamento

A subvención máxima da Unión Europea por proxecto é a seguinte:

Lote 1. Alianzas para a Educación e as Empresas

- 1 millón EUR para proxectos de 2 anos
- 1,5 millóns EUR para proxectos de 3 anos

Lote 2. Alianzas para a Cooperación Sectorial sobre Capacidades:

- 4 millóns EUR (proxectos de 4 anos).
- Unicamente poderá seleccionarse para o seu financiamento unha proposta por cada ecosistema industrial.

ALIANZAS PARA A INNOVACIÓN

Estatísticas UE. Resultados 2021

Orzamento dispoñible:

ERASMUS-EDU-2021-PI-ALL-INNO-EDU-ENTERP: 34.279.965,42€

ERASMUS-EDU-2021-PI-ALL-INNO-BLUEPRINT: 26.657.270,00€

Lote 1. Alianzas para a Educación e as Empresas

- Nº de solicitudes enviadas: 301
- Nº de solicitudes seleccionadas: 117 (38,87% de éxito)
- Orzamento total: 150.981.170,42€

Lote 2. Alianzas para a Cooperación Sectorial sobre Capacidades

- Nº solicitudes enviadas: 16
- Nº solicitudes seleccionadas: 7 (43,75% de éxito)
- Orzamento total: 26.657.270,00€

ALIANZAS PARA A INNOVACIÓN

Estatísticas UE. Resultados 2022

Orzamento dispoñible:

ERASMUS-EDU-2022-PI-ALL-INNO-EDU-ENTERP: 34.149.066,00€

ERASMUS-EDU-2022-PI-ALL-INNO-BLUEPRINT: 27.850.934,00€

Lote 1. Alianzas para a Educación e as Empresas

- Nº de solicitudes enviadas: 372
- Nº de solicitudes seleccionadas: 149 (40,05% de éxito)
- Orzamento total: 195.768.560,61€

Lote 2. Alianzas para a Cooperación Sectorial sobre Capacidades

- Nº solicitudes enviadas: 34
- Nº solicitudes seleccionadas: 10 (29,41% de éxito)
- Orzamento total: 39.646.013,00€

ALIANZAS PARA A INNOVACIÓN

Ligazóns de interese

- [Guía Erasmus+](#)
- [Funding and Tenders Portal](#)
- [Páxina da Comisión Europea sobre Alianzas para a Innovación](#)
- [Axenda de Capacidades Europeas para a competitividade sostible, a equidade social e a resiliencia](#)
- [Preguntas frecuentes](#)

*CENTROS DE EXCELENCIA
PROFESIONAL*



CENTROS DE EXCELENCIA PROFESIONAL

A iniciativa sobre os centros de excelencia profesional permite ás institucións de EFP adaptar a oferta de capacidades á evolución das necesidades económicas e sociais. Estes centros operan dentro dun contexto local e constitúen o motivo principal dos ecosistemas de capacidades para a innovación, o desenvolvemento rexional e a inclusión social.

Ofrecen oportunidades para a formación inicial dos estudantes, así como para a mellora das capacidades e a reciclaxe profesional das persoas adultas, mediante unha oferta de formación flexible que responde ás necesidades dun mercado de traballo dinámico.

CENTROS DE EXCELENCIA PROFESIONAL

O concepto de excelencia profesional garante capacidades e competencias de alta calidade, no que a educación e a formación profesionais:

- Forman unha parte integral dos ecosistemas de capacidades (que son formacións sociais rexionais nas que se desenvolve a capacidade humana con fins produtivos) e contribúen ao desenvolvemento rexional, á innovación, á especialización intelixente, ás estratexias de agrupacións e a cadeas de valor específicas e ecosistemas industriais.
- Forman parte de triángulos de coñecemento e colaboran con outros sectores da educación e da formación, a comunidade científica, o sector creativo e o mundo empresarial.
- Permiten que os estudantes adquiren tanto competencias profesionais coma competencias clave.
- Desenvolven formas innovadoras de asociación co mundo laboral e benefíciáanse do desenvolvemento profesional continuo do persoal docente e formador.

CENTROS DE EXCELENCIA PROFESIONAL

Obxectivos da acción

Os centros de Excelencia Profesional operarán a dous niveis:

1. Nivel nacional, coa participación de partes interesadas locais, que crearán ecosistemas de capacidades para a innovación local, o desenvolvemento rexional e a inclusión social.
2. A nivel internacional, reunindo aos centros de excelencia profesional que comparten un interese común en:
 - Sectores específicos ou ecosistemas industriais,
 - enfoques innovadores para afrontar os retos sociais, ou
 - enfoques innovadores para aumentar o alcance, a calidade e a eficacia dos centros de excelencia profesional existentes.

CENTROS DE EXCELENCIA PROFESIONAL

Posta en marcha dun proxecto

Os centros de excelencia profesional caracterízanse por adoptar un enfoque sistémico mediante o cal as institucións de EFP contribúen activamente á co-creación de **“ecosistemas de capacidades”**.

O proxecto deberá incluír os resultados pertinentes relacionados coas tres categorías seguintes:

- polo menos tres das actividades enumeradas no formulario de solicitude dentro da categoría 1 **“ensino e aprendizaxe”**;
- polo menos tres das actividades dentro da categoría 2 **“cooperación e asociacións”**;
- polo menos dúas das actividades dentro da categoría 3 **“gobernanza e financiamento”**.

CENTROS DE EXCELENCIA PROFESIONAL

Posta en marcha dun proxecto

Exemplos de actividades:

Categoría 1. Ensino e aprendizaxe

1. Proporcionar ás persoas capacidades pertinentes para o mercado de traballo.
2. Facilitar servizos de orientación, así coma a validación da aprendizaxe previa.
3. Desenvolver plans de estudo innovadores que se centren tanto nas capacidades técnicas como nas competencias clave.
4. Desenvolver metodoloxías innovadoras de ensino e aprendizaxe centradas no estudante.
5. Proporcionar programas de EFP de nivel superior, desenvolver itinerarios flexibles e mecanismos de cooperación entre a EFP e as institucións de educación superior.

CENTROS DE EXCELENCIA PROFESIONAL

Posta en marcha dun proxecto

Exemplos de actividades:

Categoría 2. Cooperación e asociacións

1. Establecer asociacións entre o mundo educativo e empresarial para a formación de aprendices.
2. Proporcionar ás PEMES apoio técnico, avaliación das necesidades, ferramentas e metodoloxías.
3. Proporcionar viveiros de empresas ou apoialos para que os estudantes de EFP desenvolvan as súas capacidades e iniciativas de emprendemento.
4. Colaborar coas PEMES locais a través de centros de innovación, centros de difusión de tecnoloxía e proxectos de creación de prototipos e de investigación aplicada.
